



CORRECCIÓN DE ERROS

RESOLUCIÓN DO 10 DE FEBREIRO DE 2025, POLA QUE SE CORRIXE UN ERRO DETECTADO NA RESOLUCIÓN DO 10 DE FEBREIRO DE 2025, POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DE SOLICITUDES PRESENTADAS NAS AXUDAS Á INVESTIGACIÓN UDC 2025.

Advertido un erro na resolución do 10 de febreiro de 2025, pola que se aproba a relación de solicitudes presentadas na convocatoria das Axudas á Investigación da UDC 2025, esta vicerreitoría ao amparo do previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, procede á rectificación do indicado erro nos seguintes termos:

Onde di:

*“As persoas que non aparezan nas listaxes ou teñan que presentar algunha documentación relacionada ao pé de cada listaxe disporán dun prazo **de dez días naturais**, contados a partir do día seguinte á data de publicación na web para reclamar, emendar erros ou achegar a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se achegue a documentación, considerarase que as ditas persoas desisten da súa petición.”*

Debe dicir:

*“As persoas que non aparezan nas listaxes ou teñan que presentar algunha documentación relacionada ao pé de cada listaxe disporán dun prazo **de cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte á data de publicación na web para reclamar, emendar erros ou achegar a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se achegue a documentación, considerarase que as ditas persoas desisten da súa petición.”*

A Coruña, na data da sinatura dixital

Jerónimo Puertas Agudo
Vicerreitor de Investigación e Transferencia

Código Seguro De Verificación	ZGWAfslfAtTI8+jQXevOdw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	11/02/2025 09:37:44
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZGWAfslfAtTI8+jQXevOdw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

